

---

**Proceso selectivo para a contratación laboral temporal de auxiliares de policía local.**

**Data:** 03/07/2018.

**Instrucións:** seleccione a opción (só unha) que considere correcta de entre as posibles, incluídas as preguntas de reserva e marque a súa resposta no cadro de respostas cunha aspa (X). Se desexa anular a resposta marcada previamente, cubra a aspa (X) cun círculo (●).

1/ ¿Cantos concelleiros lle corresponden a un concello que ten entre 251 e 1.000 habitantes?

- a) 5.
- b) Entre 9 e 11.
- c) Non se ten en conta o número de habitantes do concello.
- d) 7.

2/ A Xunta de Goberno Local existe obrigatoriamente:

- a) En todos os concellos.
- b) Nos concellos cunha poboación superior a 500 habitantes.
- c) Nos concellos cunha poboación superior a 5.000 habitantes.
- d) A súa existencia non é obrigatoria.

3/ En relación co termo municipal, sinala a resposta correcta:

- a) O termo municipal é o territorio en que o concello exerce as súas competencias.
- b) O termo municipal pode estenderse a varias provincias
- c) O termo municipal é o conxunto dos veciños empadroados.
- d) O termo municipal pódese modificar segundo a composición da corporación

4/ Son elementos do municipio:

- a) O territorio e a poboación.
- b) O territorio, a poboación e a organización.
- c) O territorio, a poboación e a administración.
- d) O territorio, a poboación e a súa normativa propia.

5/ A organización municipal responde ás seguintes regras:

- a) En tódolos concellos existe Alcalde, Tenentes de Alcalde, Pleno e Xunta de Goberno Local.
- b) A Xunta de Goberno Local existe en tódolos municipios con poboación superior a 10.000 habitantes e nos de menos, cando así o dispoña o seu regulamento orgánico ou así o acorde o Pleno do seu concello.
- c) O Alcalde, os Tenentes de Alcalde e o Pleno existen en tódolos concellos, e nos municipios con poboación superior a 5.000 habitantes ademais, a Xunta de Goberno Local.
- d) A Comisión Especial de Contas existe en tódolos municipios con poboación superior a 5.000 habitantes.

6/ A aprobación de ordenanzas fiscais corresponde:

- a) Ao Alcalde
- b) Ao Pleno da Corporación
- c) Á Xunta de Goberno Local
- d) Á Comisión Informativa de Facenda

7/ As ordenanzas fiscais entran en vigor:

- a) Cando son aprobadas definitivamente
- b) Despois da súa publicación no Taboleiro de Anuncios do Concello
- c) Despois da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia
- d) Despois de publicarse o anuncio de aprobación nun dos diarios de maior difusión da provincia ou comunidade autónoma uniprovincial

8/ Segundo a normativa reguladora do réxime local, gozan da condición de entidades locais:

- a) Os consorcios
- b) As Mancomunidades
- c) As Comunidades Autónomas uniprovinciais
- d) Tódalas anteriores son incorrectas.

9/ Non é unha función asignada ós Corpos de Policía Local:

- a) Protexer ás autoridades das Corporacións Locais, a vixilancia ou custodia dos seus edificios e instalacións
- b) Ordenar, sinalizar e dirixir o tráfico no casco urbano, da cordo co establecido nas normas de circulación
- c) Instruír atestados por accidentes de circulación dentro e fora do casco urbano
- d) Policía Administrativa, no relativo a las Ordenanzas, bandos e demais disposicións municipais dentro do ámbito dea súa competencia

10/ Non é unha función asignada ós Corpos de Policía Local:

- a) Participar nas funcións de Policía Xudicial
- b) A prestación de auxilio, nos casos de accidente, catástrofe ou calamidade pública
- c) Efectuar dilixencias de prevención e cantas actuacións tendan a evitar a comisión de actos delictivos
- d) Cooperar na resolución de los conflitos privados en calquera caso

11/ Non é un principio básico de actuación dos membros dos Corpos de Policía Local:

- a) Adecuación ao ordenamento xurídico
- b) Exercer a súa función con absoluto respecto á Constitución e ao resto do ordenamento xurídico
- c) Actuar, no cumprimento das súas funcións, con absoluta neutralidade política e imparcialidade e, en consecuencia, sen discriminación algunha por razón de raza, relixión ou opinión
- d) Actuar con resolución

12/ Os membros dos Corpos de Policía Local deben suxeitarse na súa actuación profesional, aos principios de:

- a) Xerarquía e subordinación
- b) Coordinación e xerarquía
- c) Subordinación e cooperación
- d) Cooperación e coordinación

13/ Os membros dos Corpos de Policía Local deben intervir en defensa de la Lei e de la seguridade cidadá:

- a) Só cando estean de servizo
- b) Sempre, en calquera tempo e lugar, se encontraran ou non de servizo
- c) Sempre que se encontren dentro do seu ámbito territorial de actuación
- d) Sempre que se encontren dentro do seu horario de traballo

14/ Os postos de servizo en nas respectivas categorías dos Corpos de Policía Local se proverán conforme aos principios de mérito, capacidade e:

- a) Antigüidade
- b) Proporcionalidade
- c) Idade
- d) Igualdade

15/ A norma que aproba o texto articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viaria e?:

- a) O Real Decreto Legislativo 309/1990, de 2 de marzo
- b) O Real Decreto Legislativo 319/1990, de 2 de marzo
- c) O Real Decreto Legislativo 339/1990, de 2 de marzo
- d) O Real Decreto Legislativo 329/1990, de 2 de marzo

16/ No texto articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viaria, non se establece como unha competencia dos Concellos unha das seguintes competencias:

- a) A ordenación e o control del tráfico nas vías urbanas da súa titularidade
- b) A regulación mediante Ordenanza Municipal de Circulación, dos usos das vías urbanas
- c) A inmovilización dos vehículos en vías urbanas cando non estean provistos do título que habilite o estacionamento en zoas limitadas en tempo ou excedan da autorización concedida ata que se logre a identificación do seu condutor
- d) A autorización de probas deportivas cando discorran íntegra e exclusivamente polo casco urbano, incluídas as travesías

17/ O condutor dun vehículo non está obrigado a:

- a) Manter a súa propia liberdade de movementos
- b) Manter o campo necesario de visión e a atención permanente á conducción, que garantan a súa propia seguridade, a do resto de ocupantes do vehículo e a dos demais usuarios da vía

- c) Manter a posición adecuada e que a manteña o resto dos pasaxeiros
- d) Manter a adecuada colocación dos obxectos ou animais transportados para que non haxa interferencia entre o condutor e calquera deles

18/ Non está prohibido:

- a) Conducir utilizando cascos ou auriculares conectados a aparatos receptores ou reprodutores de son
- b) A utilización de dispositivos de telefonía móbil, durante a conducción, ou calquera outro medio ou sistema de comunicación, excepto cando o desenrolo da comunicación teña lugar sen empregar as mans nin usar cascos, auriculares ou instrumentos similares
- c) Circular con menores de catorce anos situados nos asentos dianteiros do vehículo salvo que utilicen dispositivos homologados ao efecto
- d) Circular con menores de doce anos como pasaxeiros de ciclomotores ou motocicletas, con ou sen sidecar, por calquera clase de vía

19/ A separación que deben manter os vehículos para realizar o cruce con seguridade debe ser:

- a) Dianteira
- b) Traseira
- c) Lateral
- d) Cola

20/ Os condutores de bicicletas poderán circular polos arcens das autovías:

- a) Salvo que, por razóns de seguridade viaria, se prohiba mediante a sinalización correspondente
- b) Só en casos excepcionais
- c) En ningún caso
- d) Só por razóns de forza maior

21/ Nas encrucilladas, a preferencia de paso se verificará sempre atendendo en primeiro lugar a:

- a) Á sinalización que a regule
- b) O condutor está obrigado a cedelo aos vehículos que se aproximen pola súa dereita, en calquera caso
- c) Terán dereito de preferencia de paso os vehículos que circulen por unha vía pavimentada fronte aos procedentes de outra sen pavimentar, en calquera caso
- d) Os vehículos que circulen por raís teñen dereito de prioridade de paso sobre os demais usuarios, aínda en contra a sinalización

22/ Nos los tramos da vía nos que polo seu estreito sexa imposible ou moi difícil o paso simultáneo de dous vehículos que circulen en sentido contrario, onde no haxa sinalización expresa ao efecto, terán dereito de preferencia de paso:

- a) O que circule pola dereita da vía
- b) O que circule pola esquerda da vía
- c) O que teña menor tamaño
- d) O que tivera entrado primeiro



23/ Os condutores teñen prioridade de paso para os seus vehículos, respecto dos peóns, nun dos casos seguintes:

- a) Nos pasos para peóns debidamente sinalizados
- b) Cando vaian xirar co seu vehículo para entrar noutra vía e haxa peóns cruzándoa, inda que non exista paso para estes
- c) Cando o vehículo cruce un arcén polo que estén circulando peóns que non dispoñan de zoa peonil
- d) Cando o vehículo cruce un arcén polo que estén circulando peóns que dispoñan de zoa peonil

24/ A publicidade dos vehículos a motor:

- a) Estará sometida ao réxime de autorización administrativa previa
- b) Estará sometida ao réxime de autorización administrativa posterior
- c) Non está sometida ao réxime de autorización administrativa
- d) Só en casos excepcionais se aplica o réxime de autorización administrativa

25/ A sanción por infraccións as normas de circulación cometidas en vías urbanas corresponderá a:

- a) Ao Pleno do Concello
- b) Aos Tenentes de Alcalde competentes por razón da materia
- c) Aos respectivos Alcaldes
- d) Aos axentes municipais responsables

26/ Cando nun procedemento administrativo de carácter sancionador se poña de manifesto un feito que ofrezca aparencia de delito ou falta perseguible de oficio, a autoridade administrativa o poñerá en coñecemento de:

- a) Ao Alcalde
- b) Ao Ministerio Fiscal
- c) Ao Xulgado de Garda respectivo
- d) Ao Director Xeral de Tráfico

27/ Cando o sinal impoña unha obriga de detención, non poderá reiniciar a súa marcha o condutor do vehículo así detido ata:

- a) Ter cumprido a finalidade que o sinal establece
- b) Pode reiniciala en calquera momento
- c) Pode reiniciala despois de comprobar a visibilidade
- d) Non pode reiniciala

28/ ¿Cales dos seguintes sinais teñen maior prioridade sobre os demais? :

- a) Marcas viarias
- b) Sinalización circunstancial que modifique o réxime normal de utilización da vía
- c) Semáforos
- d) Sinais verticais de circulación

29/ A norma que establece o catálogo oficial de sinais de circulación e marcas viarias ten en conta:

- a) As competencias autonómicas
- b) As competencias locais
- c) As competencias locais e autonómicas
- d) As regulamentacións e recomendacións internacionais

30/ Os axentes da autoridade ¿poderán instalar sinais circunstanciais sen autorización previa?

- a) En ningún caso
- b) Só por orden do superior xerárquico
- c) Si, en caso de emerxencia
- d) Si, en calquera caso

31/ A responsabilidade da sinalización das obras que se realicen en las vías obxecto da circulación corresponderá a:

- a) Ao titular de la vía
- b) Ao Ministerio de Fomento
- c) Ao Concello en cuxo termo municipal se realicen
- d) Ao organismos que as realice ou as empresas adxudicatarias das mesmas

32/ As siglas "V.E." contidas no Texto articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viaria, corresponde a:

- a) Vehículo extra largo
- b) Vehículo especial
- c) Vehículo estranxeiro
- d) Vehículo español

33/ Un remolque lixeiro ten un peso máximo autorizado que:

- a) Non excede de 750 Quilogramos
- b) Non excede de 700 Quilogramos
- c) Non excede de 600 Quilogramos
- d) Non excede de 800 Quilogramos

34/ O desenvolvemento de actividades comerciais ou profesionais en Galicia, con carácter xeral:

- a) Require da previa obtención da licenza de actividade e, no seu caso, da de apertura.
- b) En todo caso, precisa da previa avaliación de efectos ambientais.
- c) Non está suxeita á obtención da licenza municipal de actividade, apertura ou funcionamento.
- d) Debe comunicarse á Consellería de Economía, Emprego e Comercio.

35/ As comunicacións previas de actividade:

- a) Habilitan aos particulares para o inicio dunha actividade ou a apertura dun establecemento e á Administración para verificar a conformidade dos datos que contén.
- b) Producirán efectos na data que determine o particular.
- c) Deberán autorizarse, despois de comprobar que están completas, polo concello.
- d) Non deben presentarse nos supostos de modificación da clase de actividade.

36/ A organización de espectáculos públicos:

- a) Está sometida, como regra xeral, á obtención de licenza municipal.
- b) En atención á concorrencia de razóns de interese xeral derivadas do mantemento da orde pública requirirá estar sometida ao réxime de comunicación previa.
- c) Está sometida, como regra xeral, ao réxime de comunicación previa.
- d) Todas as respostas son falsas.

37/ Marque a afirmación verdadeira:

- a) A instalación de terrazas ao aire libre anexas ao establecemento está suxeita a comunicación previa.
- b) A celebración de espectáculos que requiran a instalación de escenarios móbiles precisa de licenza.
- c) En ningún caso poderán autorizar os concellos de menos de 10.000 habitantes espectáculos públicos ou actividades recreativas en establecementos con aforo superior a 500 persoas.
- d) As licenzas para a celebración de espectáculos públicos revogaranse nos supostos de caducidade.

38/ As infraccións urbanísticas:

- a) Prescriben aos 6 anos, contados desde a súa comisión.
- b) Clasifícanse en leves e graves.
- c) Serán as tipificadas no Plan Xeral de Ordenación Municipal.
- d) Conlevarán a obriga de resarcir os danos causados.

39/ Serán responsables da comisión de infraccións urbanísticas:

- a) En todo caso os directores das obras e os técnicos redactores dos proxectos de obra.
- b) En ningún caso terán esa condición os propietarios dos terreos.
- c) As compañías subministradoras de servizos urbanísticos polo incumprimento das obrigas que lle impón a Lei do solo de Galicia.
- d) En todo caso os membros da Corporación que votasen a favor do outorgamento da licenza.

40/ Marque a afirmación verdadeira:

- a) As vendas efectuadas dentro dos locais ou recintos ocupados por un certame feiral non terán a consideración de venda ambulante.
- b) A venda ambulante regúlase fundamentalmente na Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e a competitividade económica de Galicia.
- c) O exercicio da venda ambulante, como regra xeral, está sometido ao réxime de comunicación previa.
- d) Todas as respostas son correctas.

41/ O réxime disciplinario da Policía Local:

- a) Rexerese unicamente polo previsto na Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais de Galicia.
- b) En ningún caso se rexerá polo previsto na lexislación en materia de función pública.
- c) Rexerese polo disposto na Lei orgánica 4/2010, na Lei orgánica 2/1986, na Lei 4/2007 e, no seu defecto, na lexislación vixente en materia de función pública.
- d) Inspirarase nos principios básicos establecidos no Capítulo II do Título I da Lei 4/2007.

42/ Marque a afirmación verdadeira:

- a) O réxime disciplinario previsto na Lei 4/2007 aplicarase sempre aos policía que se atopen en situación administrativa de segunda actividade.
- b) O inicio dun procedemento disciplinario suspenderá sempre a esixencia de responsabilidade civil.
- c) O historial profesional non constitúe un criterio de gradación de sancións nos procedementos disciplinarios.
- d) Os policía locais poden incorrer en responsabilidade disciplinaria pola comisión das faltas tipificadas na Lei 4/2007 desde a toma de posesión ata a xubilación.

43/ ¿Cal destas entidades non son entidades locais territoriais:

- a) O Municipio.
- b) A Provincia.
- c) A illa nos arquipélagos balear e canario.
- d) As parroquias

44/ ¿Cal é a Entidade local básica da organización territorial do Estado:

- a) A parroquia
- b) A Provincia
- c) O Municipio
- d) As Mancomunidades

45/ Sinala a proposición correcta:

- a) O Pleno está integrado por todos os Concelleiros e polo Alcalde
- b) Polos Concelleiros, o Alcalde e o Secretario do Concello
- c) Polos Concelleiros, o Alcalde, o Secretario do Concello e Interventor
- d) Todas son falsas

46/ Cal de estas funcións non corresponde ao Alcalde:

- a) Exercer a xefatura da Policía Municipal
- b) Ditar bandos
- c) A aprobación do regulamento orgánico e das ordenanzas
- d) Dirixir, inspeccionar e impulsar os servizos e obras municipais





47/ A aprobación provisional ou modificación da ordenanza fiscal deberá estar exposta:

- a) No taboleiro de anuncios do Concello durante 30 días como mínimo
- b) No BOP durante 15 días hábiles
- c) No DOGA
- d) No é obrigatorio expoñela

48/ Unha vez presentada a comunicación previa no concello e pagadas as taxas correspondentes:

- a) O interesado aínda non poderá iniciar a actividade.
- b) Xa pode iniciar a actividade.
- c) Debe esperar a resposta do concello para iniciar a actividade.
- d) Son certas as respostas a) e c).

49/ Sinala a resposta correcta:

- a) O prazo de execución dunha obra maior deberá iniciarse no prazo máximo dun ano dende a notificación do outorgamento da licenza
- b) Non hai prazo sinalado para o inicio das obras
- c) O prazo de execución dunha obra maior deberá iniciarse no prazo máximo de 2 anos dende a notificación do outorgamento da licenza
- d) O prazo de execución dunha obra maior deberá iniciarse no prazo máximo de 6 meses dende a notificación do outorgamento da licenza.

50/ ¿ Quén ten a condición de veciños?

- a) Son veciños os españois maiores de idade que residan habitualmente no termo municipal e figuren inscritos con tal carácter no Padrón Habitantes.
- b) Calquera persoa que figure inscrita no Padrón de Habitantes
- c) Calquera persoa que viva habitualmente no Municipio
- d) Todos os españois que residan habitualmente no termo municipal e figuren inscritos con tal carácter no Padrón Habitantes.

#### **PREGUNTAS DE RESERVA.**

R1/ ¿Quén ten a obriga de estar empadroadado no Municipio?

- a) Todo español que viva en territorio español deberá estar empadroadado no Municipio no que resida habitualmente.
- b) Todo español ou estranxeiro que viva no territorio español deberá estar empadroadado no Municipio no que resida habitualmente.
- c) Non é obrigatorio estar empadroadado en ningún municipio
- d) Todas son falsas

R2/ O artigo 49 da Lei 7/1985 establece o procedemento para a aprobación das Ordenanzas locais, e nel dispónse que:

- a) Tras a aprobación inicial polo Pleno da Corporación, estas someteranse a un período de Información Pública e audiencia aos interesados polo prazo mínimo de 30 días
- b) Tras a aprobación inicial polo Pleno da Corporación, estas someteranse a un período de Información Pública e audiencia aos interesados polo prazo de 30 días
- c) Antes da aprobación inicial polo Pleno da Corporación, estas someteranse a un período de Información Pública e audiencia aos interesados polo prazo de 30 días
- d) As ordenanzas, como actos discretionais da Administración Local, non requiren de maneira obrigatoria un período de información pública ou audiencia aos interesados, aínda que é potestativo o seu establecemento.

R3/ As ordenanzas locais deberán publicarse obrigatoriamente:

- a) No taboleiro de edictos do Concello
- b) En Boletín Oficial da Provincia
- c) No Boletín Oficial do Estado e no da Provincia
- d) Nos enumerados nas letras a) e c)

R4/ Para que os municipios se mancomunen:

- a) Non é necesario que sexan da mesma provincia, nin que exista entre eles continuidade territorial, se esta non é requirida polos fins da mancomunidade
- b) É necesario que sexan da mesma provincia, pero non que exista entre eles continuidade territorial, se esta non é requirida polos fins da mancomunidade
- c) É necesario que sexan da mesma provincia e que exista continuidade territorial entre eles.
- d) Ningunha das anteriores é correcta

R5/ Marque a afirmación correcta:

- a) A categoría de “inspector” só poderá existir nos concellos de máis de 15.000 habitantes.
- b) A categoría de “oficial” só será obrigatoria nos concellos de poboación superior a 10.000 habitantes.
- c) A aprobación do cadro de persoal da Policía Local comunicárase á consellería competente en materia de seguridade.
- d) Todas as anteriores son verdadeiras.